



**Resolución do 4 de xaneiro de 2008, do Director-Xerente no proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Operador Codificador, convocado por resolución do 23 de novembro de 2007 (DOG do 29 de novembro de 2007) do Director-Xerente, pola que se aproba o nomeamento e incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.**

En sesión que tivo lugar o día 3 de xaneiro de 2008, a comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Operador Codificador, convocado por resolución do 23 de novembro de 2007 (DOG do 29 de novembro de 2007) do Director-Xerente, aprobou a incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego, así como elevar a este Director-Xerente a proposta de contratación e nomeamento do mesmo.

De conformidade co establecido na base xeral 2.1.8 e na base específica 2.1.5 das que rexen o proceso, este Director Xerente, **ACORDA:**

**Primeiro.- Aprobar a contratación, nomeamento e incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.**

Aprobar a contratación, nomeamento e incorporación do asesor especialista proposto pola comisión de selección para a súa colaboración na proba de galego, que se relaciona a continuación:

Nome e apelidos do asesor especialista: Manuel Bermúdez Blanco

Titulación / especialidade: Licenciado en Filoloxía Galego Portuguesa pola  
Universidade de Santiago de Compostela

**Segundo.- Facultades do asesor especialista.**

De conformidade co establecido na base xeral 2.1.8 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso, o asesor especialista limitarase a prestar a súa colaboración na súa especialidade, e terá voz pero non voto.

Santiago de Compostela, a 4 de xaneiro de 2008

Asdo.- Xan Bautista Cambón Rodríguez

Director-Xerente

